

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 4 DE MAIO DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 18:00 do día 4 de maio de 2018, e coa asistencia da Secretaria e Interventora, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Desestimación, se procede, das reclamacións presentadas polos/as Delegados/as de Persoal de UGT, CSIF, CCOO e CIG, así como pola Asociación Umia Vivo, contra a aprobación inicial do Orzamento xeral do Concello para 2018, e proceder, no seu caso, á aprobación definitiva do mesmo.

1.- DESESTIMACIÓN, SE PROCEDE, DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS POLOS DELEGADOS DE PERSOAL DE UGT, CSIF, CCOO E CIG, ASÍ COMO POLA ASOCIACIÓN UMIA VIVO, CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA 2018, E PROCEDER, NO SEU CASO, Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 4 de maio de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do teor seguinte:

O Pleno da Corporación, aprobou inicialmente, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de marzo de 2018, o Orzamento Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu Organismo Autónomo FPSDM, correspondente ao exercicio económico de 2018, no que se inclúe o anexo de inversións, a operación de crédito que a financia, o teito de gasto non financeiro para o exercicio 2018, así como o cadro de persoal(plantilla), relación de postos de traballo, e convocatoria de procedemento de promoción interna.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, expúxose ao público, polo prazo de quince días hábiles, que comezaron a contar dende o día seguinte ao da publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, de 4 de abril de 2018, co fin de que durante o mesmo, puideran formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Durante o citado período de exposición ao público presentáronse dúas reclamacións contra a aprobación inicial do orzamento, por parte das seguintes entidades:

- 1.- Os delegados de persoal de UGT, CSI-F, CCOO e CIG.
- 2.- A Asociación Umia Vivo, representada por Xesús Rodríguez Castro.

- Os delegados de persoal alegan o seguinte:

-No orzamento para o exercicio 2018 non se contempla cantidade suficiente para afrontar aprobación da RPT.

-Non existe consignación orzamentaria para afrontar o pago da nocturnidade ao persoal do servizo de emerxencias.

-Solicitan crear tres prazas de oficiais de servizos para a promoción de operarios de servizos e tres prazas de oficial de policía local para a promoción dos policías locais.

- A Asociación Umia Vivo solicita o seguinte:

-Que se corrixa o orzamento consignando importe para actuacións que garantan as medidas máis elementais de sinalización e desbroce de elementos do patrimonio arqueolóxico en especial petróglifos, por ser algo abordable fronte aos cuantiosos investimentos que se programan para outras finalidades que non se consideran tan urxentes.

Con respecto á reclamación presentada polos delegados de persoal, debe terse en conta que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 29 de maio de 2017, acordou adxudicar á Empresa Galivalia Consulting S.L. o contrato de servizo consistente na realización dos traballos de catalogación dos postos de traballo e valoración dunha nova RPT.

A realización dos devanditos traballos incluírá a determinación dos postos de traballo existentes, os postos de traballo a crear nos próximos anos, a súa forma de provisión (libre ou por promoción interna) e a súa valoración económica coa asignación dos niveis de complemento de destino e específico, xunto coa valoración das circunstancias especiais en que se prestan determinados postos de traballo, asignándolle, no seu caso, un desglose do complemento específico, cando existan factores non estables ou variables.

Debe facerse constar que os citados traballos están levándose a cabo na actualidade, e nas próximas semanas serán presentados aos delegados de persoal e á corporación municipal.

Polo que respecta á reclamación presentada pola Asociación Umia Vivo, manifestar que o anexo de investimentos que forma parte do orzamento 2018 contempla unha partida de 150.000€ para a restauración do patrimonio natural e cultural.

Por todo o exposto,

Proponse desestimar ambas reclamacións polos motivos expostos e aprobar definitivamente o Orzamento do Concello e da FPSDM para o exercicio 2018, tal e como se aprobou inicialmente na sesión plenaria celebrada o día 23 de marzo de 2018.

Vilagarcía de Arousa, 27 de abril de 2018.

O Alcalde – Presidente;

Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

Dáse conta así mesmo do informe do Negociado de Recursos Humanos de data 27 de abril de 2018, do seguinte teor:

ANTECEDENTES

Con data 23 de marzo de 2018 o Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa aprobou inicialmente o orzamento e relación de postos de traballo para o ano 2018.

Con data 25 de abril de 2018 os “delegados de persoal” Dna. Juliana Barbosa de CCOO, D. Francisco Guillán Busto de CIG, D. José Luis Vila de CSIF e Dna. Rosa Otero de UGT presentaron escrito de reclamación contra dito acordo de aprobación inicial.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/86 (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 5/2015 do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Lei 30/1984, Medidas para a reforma da Función Pública.
- Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia
- Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia presupostaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.
- Real Decreto-lei 20/2012 de 13 de xullo para garantir a estabilidade presupostaria.

CONSIDERACIONES

PRIMEIRO: No Concello de Vilagarcía de Arousa a representación do persoal corresponde ao Comité de Empresa e Xunta de Persoal como órganos colexiados, respectivamente do persoal laboral e funcionario. (Non existe a figura do/a delegado/a de persoal como representación mancomunada do persoal funcionario ou laboral).

A efectos de representación sindical no Concello de Vilagarcía de Arousa corresponde a designación de un único delegado sindical para cada organización sindical, e actualmente constan inscritos como Delegados/as Sindicais:

UGT	Dna. Adela Miguéns Muñiz
CCOO	Dna. María Peregrina Cascallar Guillán
CSIF	D. Roberto García Nogueira
CIG	D. Francisco Javier Guillán Busto

O Art. 95 da Lei 7/1985, de 2 de abril, "Reguladora de las bases del Régimen Local", que afirma: «la participación de los funcionarios, a través de sus organizaciones sindicales, en la determinación de las condiciones de empleo, será la establecida con carácter general para todas las Administraciones en el Estatuto básico de la función pública»

A Sentencia 40/2007 de 24 de enero "Tribunal Superior de Justicia de Galicia sala de lo Contencioso-Administrativo", que establece:

"En esta materia de legitimación de los sindicatos en el orden jurisdiccional contencioso-administrativo, el Tribunal Constitucional ha venido a fijar cuatro premisas, que se desprenden de sus sentencias 7/2001, de 15 de enero, 24/2001, de 29 de enero, y 84/2001, de 26 de marzo. Se concretan aquellas en las siguientes:

1) las viejas reglas de la Ley Jurisdiccional de 1956 -el interés directo de su art. 28.1 .a)- deben ser sustituidas por la noción de interés legítimo del art. 24.1 de la Constitución (hoy ya recogida en el artículo 19.1.b de la nueva Ley de la Jurisdicción Contencioso administrativa de 13 de julio de 1998), entendida según la teoría general, esto es, como ventaja o utilidad que obtendría el recurrente en caso de prosperar la pretensión ejercitada;

2) que los sindicatos, tanto por el reconocimiento expreso de la Constitución como por obra de los Tratados internacionales suscritos con España, tienen atribuida una función genérica de representación y defensa, no sólo de los intereses de sus afiliados, sino de los intereses colectivos de los trabajadores en general;

3) que, sin embargo, respecto de la legitimación procesal esa capacidad abstracta de los sindicatos debe concretarse, en cada caso, mediante un vínculo o conexión entre la organización que acciona y la pretensión ejercitada, ya que la función constitucionalmente atribuida a los sindicatos no les convierte en guardianes abstractos de la legalidad;

4) en el orden contencioso-administrativo, ese vínculo, entendido como aptitud para ser parte en un proceso concreto o "legitimatío ad causam", ha de localizarse en la noción de interés profesional o económico."

Asemade a sentencia do Tribunal Constitucional 159/2006, de 22 de maio, "ha reiterado que se exige un vínculo especial y concreto entre dicho sindicato y el objeto del debate en el pleito de que se trate, vínculo o nexo que habrá de ponderarse en cada caso y que se plasma en la noción de interés profesional o económico, y que doctrinal y jurisprudencialmente viene identificado en la obtención de un beneficio o la desaparición de un perjuicio en el supuesto de que prospere la acción intentada, y que no necesariamente ha de revestir un contenido patrimonial.

En conexión có anterior a xurisprudencia do Tribunal Supremo foi sempre reacia a unha interpretación restrictiva do concepto "interés directo" respecto do presuposto procesal da lexitimación, pero tamén resalta que a lexitimación activa non debe confundirse con un mero "interés a la legalidad" que "sólo legitima para el ejercicio de la acción contencioso-administrativa en aquellos campos de la actuación administrativa en que por Ley está reconocida una acción pública, lo que no ocurre en este caso."

Por todo elo, si ben no escrito de reclamación non se expresa correctamente a representación que se pretende, sí consta que os asinantes do escrito de reclamación son membros da Xunta de Persoal ou do Comité de Empresa e participaron en representación ben das respectivas organización sindicais ou como membro do Comité de Empresa nas xuntanzas de mesas de negociación que tiveron lugar, polo que procede considerar favorablemente a existencia de lexitimación activa e de intres directo dos reclamantes.

SEGUNDO: No ámbito particular do Concello de Vilagarcía de Arousa actualmente está vixente o III Acordo Marco para o persoal funcionario ao servizo do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa. Publicado no Boletín Oficial de Pontevedra nº 175 del martes 11 de setembro de 2001.

A proposta de Alcaldía xunto co cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo foi obxecto de negociación nas xuntanzas de Mesa de Negociación Conxunta para persoal funcionario e laboral que tiveron lugar os días 19/12/2017, 18/1/2018 e 2/2/2018, acadándose consenso en varios dos puntos tratados si ben segundo reflicten as actas respectivas non se acadou un acordo global respecto do conxunto da proposta final.

Segundo Real Decreto Legislativo 5/2015 do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) no seu artigo 33,1 establece que a negociación colectiva está suxeita entre outros aos principios de legalidade e boa fe negocial.

Da información obrante no expediente se acredita a existencia dos elementos propios da existencia de negociación colectiva nos termos xurisprudencialmente exixibles e en particular da Sentenza favorable para o Concello de Vilagarcía de Arousa de data 2/10/2013 do procedemento de conflito colectivo instado polas organizacións sindicais UGT, CCOO, CSIF e CIG autos nº 283/2013 e 281/2013. Dito procedemento foi obxecto de recurso de suplicación, recaendo nova sentenza do TSXG e confirmando a de instancia desestimando a reclamación sindical que foi notificada en data 31 de marzo de 2014, e declarada súa firmeza, asemade as organizacións sindicais desistiron nos procedementos contencioso-administrativos instado sobre o mesmo asunto: PA 170/2013; PA 181/2013; PA 167/2013; PA 180/2013; PA 187/2013.

TERCEIRO: Respecto da Relación de Postos de Traballo a Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Supremo” de data 5 de febreiro de 2014 (recurso número 2986/2012) ven de modificar a doutrina anterior e de establecer a configuración a todos os efectos da aprobación da RPT como un acto administrativo segundo o disposto sobre o réxime xurídico con carácter xeral e en particular para o réxime de recursos, competencia e procedemento.

CUARTO: O Convenio Colectivo vixente para o persoal laboral non establece ningunha compensación económica polo concepto de nocturnidade para o persoal laboral do Concello de Vilagarcía.

Non existe persoal laboral en casqueira departamento do Concello de Vilagarcía que perciba ningunha retribución diferenciada por dito factor, como importe diferenciado ao marxe do complemento específico/incentivo previsto para cada posto de traballo polo que non existe unha dotación orzamentaria diferenciada para elo.

Segundo o Cadro de Persoal e relación de postos de traballo actualmente vixente para o exercicio 2017 e que se mantén para o ano 2018 os postos de traballo do servizo de emerxencias teñen asignada a **percepción de Complemento Específico** (asimilado ao concepto de incentivo) e que segundo a normativa vixente **xa retribúe** os factores de “dedicación e “penosidad” comprensivos da *turnicidade*: traballo en festivo e nocturnidade. A variación da valoración de ditos postos de traballo deberá realizarse mediante a aprobación dunha nova valoración da Relación de Postos de Traballo e que está actualmente en tramitación tal e como reiteradamente consta se ten explicado nas diferentes xuntanzas mantidas durante o proceso de negociación.

A este respecto procede considerar os razoamentos xurídicos que manifesta a Sentencia do T.S.X.GALICIA de data 9/11/2015, En el RECURSO SUPPLICACION 0005266 /2014 de los AUTOS: Procedimiento Ordinario 0000671 /2013 se afirma:

“Insiste la recurrente en la aplicación del denominado principio de la autonomía de la voluntad, olvidando que no se acepta en el ámbito de las relaciones laborales cuando una de las partes es la Administración, dado su sometimiento al principio de legalidad que lo impide so pena de incurrir en arbitrariedad.

..., la diferencia retributiva no viene establecida en normativa alguna, sino que deriva de la libre voluntad expresada en su momento ... por el Alcalde de entonces, algo contrario al más mínimo respeto a la legalidad exigida, y que incluso sería de dudosa aplicación en las relaciones laborales privadas si se lesiona el marco convencional establecido. Es decir, aquella retribución carece de base legal ...

La Administración solo puede actuar dentro de los límites establecidos en norma o reglamentos, ... Solo cabe percibir las retribuciones fijadas legal o reglamentariamente, lo que no es el supuesto de autos dado que la base retributiva a comparar carece de regulación legal, exigible en la Administración, mientras que por el contrario desde el año 2012 está fijada la retribución a percibir en la correspondiente IRTP que ha de ser respetado en todo caso y que es lo que viene percibiendo la reclamante.”

QUINTO: Actualmente está en elaboración unha nova RPT dos postos dentro do organigrama municipal, así como unha nova valoración dos mesmos tendo en conta a variación da asignación de funcións e tarefas aos postos de traballo, polo que debe ser no momento final de dito procedemento cando se fixe no seu caso o valor económico de incremento de retribucións complementarias que resulte de dito proceso, e dito valor está sometido as limitacións orzamentarias previstas pola normativa reguladora polo que poderá levarse a efecto en caso de superar un tope anual de exercicio de modo prorrateado en diferentes anualidades. O limitar a cantidade de valoración dos traballos de valoración de dita RPT é polo tanto contraproducente e supón acotar dita valoración que debe ser técnica e acorde cos pregos de prescricións técnicas e proposta da empresa adxudicataria, sen que dita limitación conste como previamente establecida. En calquera caso a RPT e valoración debe ser obxecto de negociación colectiva no momento oportuno e cando exista unha proposta unha vez rematados os traballos de elaboración previos contratados.

SEXTO: Respecto da reclamación do punto quinto do escrito presentado procede informar que non se identifican suficientemente os acordos de XGL que se considera/n arbitrarios, e non lle constan ao informante a qué acordos se pode referir o escrito. En calquera caso os/as reclamantes poden no seu

caso e dentro dos prazos previstos legalmente presentar os recursos que estimen procedentes contra os actos administrativos emanados da/s XGL.

SÉTIMO: Actualmente están en proceso de promoción interna xa convocados un posto de Oficial do Corpo de policía Local, e un posto de Técnico A1. Asemade o acordo de aprobación inicial do orzamento para o ano 2018 recolle un plan especial de promoción interna de 10 prazas de Administrativo Subgrupo C1 dirixidas ao persoal funcionario de carreira do Subgrupo C2: as demandas de ambas partes os argumentos e motivos manifestados durante o proceso de negociación e que non fixeron posible acadar un acordo neste punto das negociacións constan nas respectivas actas e propostas realizadas, sen que fora posible acadar un acordo neste concreto punto.

Por todo elo procedería DESESTIMAR a reclamación ao acordo inicial de aprobación do Orzamento Municipal para o ano 2018.

Todo o cal se informa sen perxucio de calquera outra opinión mellor fundada en dereito.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

As/os representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a desestimación das reclamacións presentadas polos Delegados de Persoal de UGT, CSIF, CCOO e CIG, así como pola Asociación Umia Vivo, contra a aprobación inicial do Orzamento xeral do Concello para 2018.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2) e Concelleiro non adscrito (1), e dez votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7), EU (2) e Somos Maioría (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

PRIMEIRO: A desestimación das reclamacións presentadas polos Delegados de Persoal de UGT, CSIF, CCOO e CIG, así como pola Asociación Umia Vivo, contra a aprobación inicial do Orzamento xeral do Concello para 2018, de conformidade coa proposta da Alcaldía e o Informe do Negociado de Recursos Humanos.

SEGUNDO: A aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio 2018, cun importe que ascende a 27.435.573,10 € no estado de ingresos e 27.435.573,10 € no estado de gastos, cun superavit por tanto de 0,00 €, así como as bases de execución, o anexo de investimentos que ascende a 1.130.000,00 € e o teito de gasto non financeiro que se fixa en 22.652.731,61 €

TERCEIRO: A aprobación definitiva da convocatoria de procedemento de promoción interna de 10 prazas de Administrativo subgrupo C1 da escala de Administración Xeral a través dun Plan de ordenación de RRHH para a reorganización dos postos de traballo e prazas vencelladas dentro do grupo C de Administración Xeral. Unha vez concluído o proceso de promoción interna coa toma de posesión doas/as candidatos/as que a superen procederase á amortización das prazas de resultas do subgrupo C2 (auxiliar administrativo) e postos de xefatura de grupo vacantes. Cunha dotación prevista no ano 2018 completo de 26.135,19€.

CUARTO: Incrementar nun 15% a achega individual ao Plan de Pensións municipal ata o importe mensual de 19,25€/mes e un importe anual de 231,01€ por empregado/a, sendo a partida total de 69.996,03€.

QUINTO: A aprobación definitiva do Cadro de Persoal (Plantilla) e a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2018, que se unen como anexo a esta proposta.

SEXTO: Publicar o cadro de persoal e relación de postos de traballo aprobados, integramente no Boletín Oficial da Provincia, xunto co resumo do Orzamento, e que se remita copia ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

SÉTIMO: Ratificar o pacto da Mesa Xeral de Negociación do persoal funcionario para aprobar a modificación do artigo 47 do Acordo Marco que queda redactado nos seguintes termos:

“Artigo 47 .- AXUDA DE ESTUDOS PARA O PERSOAL E OS SEUS FILLOS

Todo o persoal funcionario de carreira do Concello ou funcionario interino por un tempo acumulado igual ou superior a dous anos, e que este en servizo activo, percibirá, previa acreditación documental, as seguintes axudas por estudos de fillos/as menores de 26 anos:

- Fillos/as en Educ. Infantil e/ou gardería (0-6 anos)	50€ ano/fillo
- Fillos/as en Educación Primaria	70€ ano/fillo
- Fillos/as en ESO ou equivalente	95€ ano/fillo
- Fillos/as en Bacharelato ou Ciclo formativo de grao medio	130€ ano/fillo
- Fillos/as en Ciclo formativo de grao superior	165€ ano/fillo
- Fillos/as en Grao/Máster Universitario	325€ ano/fillo

Os estudos anteriores entenderase comprendidos aqueles de educación especial ou equivalentes ou análogos previstos nun plan de estudos oficial.

Os importes anteriores ponderaranse segundo a renda bruta media da unidade familiar segundo a seguinte escala:

- Ata 18.000€ medios por membro da unidade familiar:	percepción do 100%
- De 18.001€ ata 22.000€ medios por membro da unidade:	percepción do 80%
- De 22.001€ ata 25.000€ medios por membro da unidade:	percepción do 70%
- De 25.001€ en adiante, medios por membro da unidade:	percepción do 60%

Estas becas serán incompatibles coa percepción doutras similares que outorgue a Administración. No caso de que a axuda outorgada pola outra Administración sexa de contía inferior á prevista neste artigo, o traballador/a terá dereito á diferenza resultante.

OITAVO: Ratificar o pacto da Comisión de Negociación do persoal laboral do Concello de Vilagarcía de Arousa integrada pola representación do Concello e pola parte social polos/as membros do Comité de Empresa, para aprobar a modificación do artigo 41 do Convenio Colectivo que queda redactado nos seguintes termos:

“Artigo 41 .- AXUDA DE ESTUDOS PARA O PERSOAL E OS SEUS FILLOS

Todo o persoal laboral fixo do Concello ou laboral cun tempo de traballo acumulado igual ou superior a dous anos, e que este en servizo activo, percibirá, previa acreditación documental, as seguintes axudas por estudos de fillos/as menores de 26 anos:

- Fillos/as en Educ. Infantil e/ou gardería (0-6 anos)	50€ ano/fillo
- Fillos/as en Educación Primaria	70€ ano/fillo
- Fillos/as en ESO ou equivalente	95€ ano/fillo
- Fillos/as en Bacharelato ou Ciclo formativo de grao medio	130€ ano/fillo
- Fillos/as en Ciclo formativo de grao superior	165€ ano/fillo
- Fillos/as en Grao/Máster Universitario	325€ ano/fillo

Os estudos anteriores entenderase comprendidos aqueles de educación especial ou equivalentes ou análogos previstos nun plan de estudos oficial.

Os importes anteriores ponderaranse segundo a renda bruta media da unidade familiar segundo a seguinte escala:

- Ata 18.000€ medios por membro da unidade familiar:	percepción do 100%
- De 18.001€ ata 22.000€ medios por membro da unidade:	percepción do 80%
- De 22.001€ ata 25.000€ medios por membro da unidade:	percepción do 70%
- De 25.001€ en adiante, medios por membro da unidade:	percepción do 60%

Estas becas serán incompatibles coa percepción doutras similares que outorgue a Administración. No caso de que a axuda outorgada pola outra Administración sexa de contía inferior á prevista neste artigo, o traballador/a terá dereito á diferenza resultante.”

8.- A concertación dunha operación de crédito afectado ao anexo de investimentos por importe de 1.130.000 €, por non atoparse o Concello afectado polas limitacións impostas nesta materia polo TRLRFL 2/2004 e demais normativa de aplicación.

NOVENO: Expoñer ao público o orzamento definitivamente aprobado mediante anuncio no BOP, nos termos do artigo 169.3 do RD Lex 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como proceder a súa remisión da cordo co disposto no apartado 4º da mesma norma, entrando en vigor no exercicio 2018 unha vez publicado nos termos expostos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20180504&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 18:50 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.